

**PROGRAMACIÓN DE  
AUDICIÓN E LINGUAXE  
E  
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.**

**CURSO 2022 – 2023**

**C.E.I.P PLURILINGÜE DE CENTIEIRAS**



## INDICE

1. Introducción e xustificación.
2. Características do alumnado.
  - 2.1. Alumnado de PT.
  - 2.2. Alumnado de AL.
3. Horarios.
4. Obxectivos.
  - 4.1. Obxectivos de PT.
  - 4.2. Obxectivos de AL.
5. Criterios de selección e atención de alumnos/as e elaboración de horarios.  
Modalidade de apoio.
6. Metodoloxía.
7. Procedementos e instrumentos de avaliación.
8. Coordinacións: profesionais internos, externos e familias.
9. Actividade semipresencial e / ou non presencial:
10. Lexislación.



## **1. Introducción e xustificación :**

A diversidade de persoas que compoñen a comunidade educativa ten que considerarse como un feito valioso que contribúe a favorecer a interdependencia e a cohesión social. Debido a esta pluralidade, é unha necesidade poñer en práctica actuacións dirixidas a previr e compensar as dificultades. É por iso que a programación didáctica é unha actuación contemplada dentro da Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro, por a que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación e dos Decretos 330/2009, polo que se establece o currículo de educación infantil en Galicia, e o 105/2014, do currículo de educación primaria en Galicia.

Nesta programación preténdense establecer aqueles pilares básicos sobre os cales aséntase o noso traballo ao longo do curso co alumnado con necesidade específica de apoio educativo, tendo en conta sempre o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade en Galicia.



## 2. Características do alumnado:

As dificultades no proceso de ensinanza – aprendizaxe que manifesta o alumnado obxecto de intervención no ámbito de PT e AL céntranse en:

- Dificultades de lectura e dominio da fala e da linguaxe oral e escrito.
- Dificultades atencionais e de concentración.
- Predominio de modos concretos de pensamento: razoamento máis indutivo que dedutivo.
- Dificultades na adquisición e xeneralización de conceptos básicos.
- Dificultades de comprensión oral ou escrita.
- Diminución xeral dos procesos internos de regulación do comportamento.
- Dificultades derivadas de necesidades educativas específicas.

As canles a través das cales constatamos a presenza de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, son principalmente dúas:

- A través das titoras e titores, que detectan dificultades no alumnado durante ás rutinas e traballos da aula, buscando que todo o alumnado acade o ritmo de aprendizaxe do seu grupo de referencia e do que lle corresponde por idade.
- Mediante os informes médicos que acompañan ao neno ou nena no momento de formalizar a súa matrícula no centro.

Para atender as n.e.a.e. o centro conta cun Departamento de Orientación encargado de realizar a avaliación psicopedagóxica. Esta avaliación permitirá identificar ás necesidades específicas de cada alumna e alumno e, derivadas de esta avaliación, daranse as orientacións oportunas para a proposta curricular. O Departamento de Orientación asignará a estes nenos e nenas apoios das mestras especialistas de PT e AL. Priorizarase a intervención, por parte da especialista en PT e AL nas aulas específicas debido á situación excepcional sanitaria provocado polo COVID-19.



## 2.1. Alumnado de PT

A organización do traballo neste curso académico baseouse nas previsións establecidas ao rematar o curso anterior. Deste xeito recibirán apoio educativo:

- ✓ 4º curso de Educación Infantil: 1 alumna con n.e.a.e.
- ✓ 5º curso de Educación Infantil: non hai alumnado con n.e.a.e.
- ✓ 6º curso de Educación Infantil: 2 alumnos con n.e.a.e.
- ✓ 1º curso de Educación Primaria: 2 alumnos con n.e.a.e.
- ✓ 2º curso de Educación Primaria: 2 alumnos con n.e.a.e.
- ✓ 3º curso de Educación Primaria: 2 alumnos con n.e.a.e.
- ✓ 4º curso de Educación Primaria: 4 alumnos con n.e.a.e.
- ✓ 5º curso de Educación Primaria: 3 alumnos con n.e.a.e.
- ✓ 6º A de Primaria: 2 alumno con n.e.a.e.
- ✓ 6º B de Primaria: 1 alumno con n.e.a.e.

## 2.2. Alumnado de AL:

- ✓ 4º curso de Educación Infantil: 1 alumna con n.e.a.e.
- ✓ 5º curso de Educación Infantil. Non hai alumnado con n.e.a.e.
- ✓ 6º curso de Educación Infantil: 2 alumnos con n.e.a.e.
- ✓ 1º de Educación Primaria: 4 alumnos con n.e.a.e.
- ✓ 2º de Educación Primaria: 4 alumnos con n.e.a.e.
- ✓ 3º de Educación Primaria: 2 alumnos con n.e.a.e.
- ✓ 4º de Educación Primaria: 2 alumnos con n.e.a.e.
- ✓ 5º de Educación Primaria: 1 alumna con n.e.a.e.
- ✓ 6º de Educación Primaria: 1 alumno con n.e.a.e.



### 3. Horarios:

Os horarios das mestras de PT e AL, do presente curso 2021 – 2022, son os seguintes:

Pedagogía Terapéutica:

Horas	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	PT	PT	PT	PT	PT
2ª hora	PT	PT	PT	PT	PT
3ª hora	PT	PT	PT	GARDA	PT
RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
HORA DE LER	PT	PT	PT	PT	PT
4ª hora	PT	PT	PT	PT	PT
5ª hora	PT	PT	PT	B	PT

Audición e Linguaxe:

Horas	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	-	-	-	AL	AL
2ª hora	-	-	-	AL	AL
3ª hora	-	-	-	AL	AL
RECREO	-	-	-	RECREO	RECREO
HORA DE LER	-	-	-	AL	AL
4ª hora	-	-	-	AL	AL
5ª hora	-	-	-	AL	ITINERANCIA

Os horarios e apoios están suxeitos a cambios en función das necesidades que vaian xurdindo ao longo do curso.

No presente ano académico cómpre a revisión e realización de novas adaptacións curriculares e neste proceso será fundamental a coordinación e colaboración entre a orientadora, os/as especialistas e os titores e titoras correspondentes.



#### 4. Obxectivos:

##### 4.1. Obxectivos de PT:

- Desenvolver ao máximo as capacidades do alumnado, intentando conseguir maior interese, disfrute e participación no currículo ordinario.
- Proporcionar o reforzo pedagóxico concreto e adaptado a cada caso, segundo as características de cada alumno/a e promovendo sentimentos de seguridade, confianza e bó autoconceito á hora de afrontar as tarefas.
- Consegui un nivel satisfactorio de rendemento escolar, sobre todo en materias instrumentais, de acordo co seu nivel de competencia curricular.
- Garantir a funcionalidade dos aprendizaxes, de xeito que estes poidan ser aplicados en contextos reais e diversos nos que o alumno/a vive e que polo tanto son necesarios para o seu desenvolvemento na vida real (aprendizaxe significativa).
- Traballar a autoestima e o autoconceito, procurando a formación dunha imaxe positiva e real de si mesmos que doten ao alumno/a de capacidades de autonomía persoal.
- Favorecer o desenvolvemento de conductas adaptativas que lles faciliten tanto as relacións sociais como a elaboración de respostas ante os diferentes estímulos ambientais.
- Dispor de materiais e recursos adaptados aos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo.
- Orientar ás titoras na elaboración de material específico para atender ás necesidades concretas na súa aula e deste xeito apoiar e facilitar o proceso de aprendizaxe deste alumnado.
- Facer da aula de apoio un aula de recursos aberta e organizada, para que todo o profesorado poida facer uso dela



- Colaborar na elaboración das Adaptacións Curriculares.
  
- Coordinar coas titoras, orientadora e resto de especialistas as actuacións a realizar co alumnado.





#### 4.2. Obxectivos de AL:

- Favorecer o proceso de integración escolar do alumnado.
- Reeducar os fonemas alterados e adestralos de cara a unha correcta articulación e posterior xeneralización.
- Traballar as bases anatómico - funcionais para fomentar motilidade e aspectos indirectos da fala (respiración, coordinación fonorrespiratoria, soplo, praxias orofaciais e discriminación auditiva).
- Traballar os catro compoñentes da linguaxe, fomentando e ampliando vocabulario, traballando e mellorando expresións morfosintácticas, e mellorando ó máximo posible a pragmática e comunicación.
- Mellorar a capacidade comprensiva e lectura fluída.
- Traballar a escritura de tódolos sons e combinacións da lingua mediante exercicios de conciencia fonética, fonolóxica, silábica e semántica.
- Traballar a composición escrita e ditado.
- Mellorar a grafomotricidade.
- Mellorar os intercambios comunicativos entre o alumnado e os seus iguais e cos adultos nun sentido pragmático e funcional: saúdos, despedidas, agradecementos, peticións, etc.
- Facer da aula de apoio un aula de recursos aberta e organizada, para que todo o profesorado poida facer uso dela
- Colaborar na elaboración das A.C.S.
- Coordinar coas titoras, orientadora e resto de especialistas as actuacións a realizar



cos alumnos/as.



## **5. Criterios de selección e atención de alumnos/as e elaboración de horarios. Modalidade de apoio.**

A confección dos horarios e a distribución dos apoios realizouse respectando os seguintes criterios:

- Priorízase a atención ao alumnado con necesidades específicas permanentes e alumnado con AC.
- Priorízase o alumnado diagnosticado con n.e.a.e. máis graves.
- As alumnas e os alumnos que comparten sesións de apoio pertencen ao mesmo grupo estable de clase.
- Evitar que os apoios coincidan coas áreas de educación física, música, plástica ou relixión.
- Importancia dos horarios das aulas de referencia para, na medida do posible, facer coincidir os apoios coas áreas instrumentais nas que presentan maiores dificultades.

A modalidade de apoio que se ofrece ao/á alumno/na, determínase en función das distintas necesidades, aptitudes intelectuais, así como as diferentes capacidades de adaptación, participación, interacción e autonomía persoal. De tódolos xeitos estas modalidades poderán variar ao longo do curso en función das necesidades que vaian xurdindo.

## **6. Metodoloxía:**

A metodoloxía basearase na aprendizaxe activa, significativa, comunicativa, inclusiva, participativa e funcional partindo dos intereses das nenas e dos nenos, das súas experiencias e coñecementos previos (avaliación inicial), e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.

Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.



Será fundamental á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

## **7. Procedementos e instrumentos de avaliación.**

Para asegurarnos un desenvolvemento axeitado tanto do proceso de aprendizaxe do alumnado como do proceso de ensinanza das mestras e mestres, a avaliación será continúa e sistemática ao longo do curso. Isto permitiranos detectar e correxir posibles erros ou dificultades que vaian xurdindo e reformular as propostas de traballo inicial se fose preciso.

### Instrumentos de avaliación

- Observación directa do alumnado, identificando e valorando a súa progresión.
- A produción conseguida por cada alumna /alumno.
- Probas específicas.
- Diario de aula.

A avaliación do alumnado realizarase conxuntamente coas profesoras titoras e demais especialistas que traballan coa nena ou neno. É importante a coordinación e o intercambio de información cos titores e titoras, para identificar os logros que se vaian conseguindo, as dificultades ou necesidades que vaian xurdindo e os cambios que sexan precisos acometer. Esta coordinación posibilitará a asunción dunhas liñas de traballo común e a consecución de mellores resultados na súa aplicación.



## 8. Coordinacións: profesionais internos, externos e familias

Podemos distinguir entre coordinacións con profesionais internos do centro, externos e familias.

- **Profesionais internos:** durante o curso realízanse diversas coordinacións coas titoras do alumnado n.e.a.e, para poder establecer o horario durante o curso, para plantexarnos obxectivos comúns e para realizar un seguimento. Esta coordinación é imprescindible para saber qué aspectos son mellorables no proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado. Ademais das titoras, tamén se manteñen reunións periódicas entre os membros do Departamento de Orientación.
- **Profesionais externos:** tamén podemos solicitar información sobre o alumnado a axentes externos ao centro, como son os Servicios de Saúde, Asuntos Sociais do Concello, asociacións, gabinetes psicopedagóxicos...
- **Familias:** en todo este proceso de toma de decisións, é un aspecto clave a considerar a colaboración e intercambio de información coas familias do alumnado, establecendo diferentes cauces de participación da familia na vida do centro. Deste modo, potenciaranse e afianzaranse os obxectivos propostos para o alumnado no ámbito familiar. O horario de atención ás familias é os martes de 16:00 a 17:00 horas de forma telemática ou telefónica. Só presencial, en casos excepcionais.

## 9. Actividade semipresencial e / ou non presencial:

Contemplando os posibles escenarios en función da situación sanitaria actual é necesario establecer unhas pautas de traballo no caso de que algún/alguna alumno/alumna, precise dunha educación semipresencial ou educación non presencial.

No primeiro dos casos (semipresencial), tanto a mestra de AL como de PT,



comunicaranse coas familias a través da aula virtual de AL e PT de google classroom (respectando as sesións de traballo reflectidas no seu horario), realizando un seguimento e avaliación.

No caso de educación non presencial, enviaremos tarefas semanalmente (os luns a primeira hora) directamente relacionadas cos programas de intervención establecidos ao inicio de curso, e mantendo comunicación periódica coas familias e alumnado. Nalgúns casos (sempre que as circunstancias o permitan e as familias o desexen) faranse videoconferencias puntuais co alumnado (para seguir mantendo o contacto).



## 10. Lexislación:

Esta programación elaborouse respectando a lexislación actualmente vixente:

- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.
- RD 95/2022, de 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación infantil.
- RD 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establece a ordenación e ensinanzas mínimas da educación primaria.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumno dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparte ensinanzas establecidas na lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación.
- Decreto 105/2014, polo que se establece o currículo da Educación Primaria en Galicia.
- Decreto 330/2009 do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Decreto 374/96 de 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de E.I. e colexios de E.P.
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con nee. que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e dos criterios para a realización do ditame de escolarización.
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de



educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da consellería.

- Decreto 120/1998 de 23 de abril, polo que se regula a orientación académica e profesional na nosa comunidade autónoma.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia regulada polo decreto 120/98.
- Orde do 27 de decembro do 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensinanza non universitaria con n.e.e.
- R.D. 943/ 03 de 18 de xullo polo que se regulan as condicións de flexibilizar diversos niveis e etapas do sistema educativo para alumnos superdotados intelctualmente.
- Orde 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen medidas de atención específicas ó alumnado procedente do estranxeiro.
- Orde do 16 de xuño de 2016, que regula a avaliación da Educación Primaria na comunidade autónoma de Galicia.

**Fene, a 7 de Setembro 2022** Mestra de Audición e Linguaxe. Gloria  
Gómez Edreira. Mestra de Pedagogía Terapéutica. M<sup>a</sup> Macarena  
Espíñeira Filgueiras





